



Preguntas frecuentes acerca das validacións para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.

1. Cantas materias do primeiro curso da ensinanza secundaria obligatoria podo validar?

Unicamente unha materia, a materia de libre configuración deste primeiro curso. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

2. Cantas materias do segundo curso da ensinanza secundaria obligatoria podo validar?

Un máximo de dúas: a materia *Música* e, ademais, a materia de libre configuración deste segundo curso. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

3. Cantas materias do terceiro curso da ensinanza secundaria obligatoria podo validar?

Un máximo de dúas: a materia *Música* e, ademais, ou *Cultura Clásica* ou *Segunda Lingua Estraneira*. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

4. Cantas materias do cuarto curso da ensinanza secundaria obligatoria podo validar?

Un máximo de dúas: a materia de *Música* e, ademais, outra materia do bloque de materias específicas deste cuarto curso. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

5. Coas ensinanzas profesionais de danza, cantas materias do primeiro curso do bacharelato podo validar?

Un máximo de tres: a materia *Anatomía Aplicada*, a materia *Linguaxe e Práctica Musical*, e outra das materias específicas de opción e libre configuración. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

6. Coas ensinanzas profesionais de música, cantas materias do primeiro curso do bacharelato podo validar?

Un máximo de tres: a materia *Análise Musical I*, a materia *Linguaxe e Práctica Musical*, e outra das materias específicas de opción e libre configuración. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.



7. Coas ensinanzas profesionais de danza, cantas materias do segundo curso do bacharelato podo validar?

Un máximo de dúas: a materia *Historia da Música e da Danza* e outra das materias específicas de opción e libre configuración. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

8. Coas ensinanzas profesionais de música, cantas materias do segundo curso do bacharelato podo validar?

Un máximo de tres: a materia *Análise Musical II*, a materia *Historia da Música e da Danza*, e outra das materias específicas de opción e libre configuración. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

9. Coas ensinanzas do bacharelato, que materias do grao profesional de danza podo validar?

Os tres primeiros cursos da materia *Música* (non se pode realizar validación por separado destes tres primeiros cursos, deben ir os tres en conxunto), os dous cursos da materia *Anatomía aplicada á danza* (non se pode realizar validación por separado de cada un dos dous cursos desta materia), e os dous cursos da materia *Historia da danza* (non se pode realizar validación por separado de cada un dos dous cursos desta materia). Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

10. Coas ensinanzas do bacharelato, que materias do grao profesional de música podo validar?

A materia *Linguaxe musical* do primeiro curso, os dous cursos da materia *Historia da música* (non se pode realizar validación por separado de cada un dos dous cursos desta materia), e a materia *Análise* do quinto curso do grao profesional. Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

11. Cando se elixa unha materia troncal do bacharelato como materia específica de opción, podo validala?

Si, xa que no anexo V do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño* se insire dentro das materias específicas de opción unha materia troncal non cursada. Nestes casos pódese validar tanto no primeiro como no segundo curso do bacharelato.



12. Podo validar a materia *Lingua Galega e Literatura* dalgún curso da ensinanza secundaria obligatoria ou do bacharelato ao denominarse de “libre configuración autonómica”?

Non. En ningún caso se poderá validar polas ensinanzas profesionais de música ou de danza porque se trata dunha materia de libre configuración autonómica obligatoria, que ten un tratamento análogo á materia de *Lingua Castelá e Literatura*.

13. Que acontece se estou a cursar os estudos necesarios para a validación?

O alumnado que curse simultaneamente os cursos correspondentes para a validación poderá presentar o certificado académico que acredite a superación das materias ata a data en que se leve a cabo a avaliación final extraordinaria, noutro caso a materia figurará como pendente.

14. É de aplicación actualmente a *Orde do 7 de xullo de 2010*?

Si, tendo en conta as consideracións que aparecen na disposición adicional da *Resolución do 20 de xullo de 2017*.

15. Onde debo presentar a solicitude para realizar a validación e que documentación debo presentar?

Deberase presentar no centro educativo ao que pertenza a materia susceptible de validación, e deberase acompañar a solicitude do certificado académico que acredite a superación das materias requiridas.

16. Onde podo consultar as materias que podo validar e as materias requiridas para a súa validación?

Na normativa correspondente (que tamén aparece ao final deste documento), nos centros educativos, e nas táboas de validacións que se presentan a continuación.

17. Ademais das validacións, teño dereito á exención dalgunha materia da educación secundaria obligatoria e do bacharelato?

O alumnado das ensinanzas profesionais de danza si, xa que poderá estar exento da materia de *Educación Física* da educación secundaria obligatoria e do bacharelato. Nestes casos a materia de *Educación Física* non será computable para o cálculo da nota media; este alumnado non será avaliado desta materia.

**Táboas de validacións vixentes para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral****Educación Secundaria Obrigatoria**

Para a correcta aplicación do establecido nesta táboa cómpre ter en conta que cada materia só poderá ser utilizada unha única vez para as validacións, a excepción da primeira consideración da disposición adicional da *Resolución do 20 de xullo de 2017*, na que se fai referencia á materia de Música do segundo curso e á materia de Música do terceiro curso.

A proba de acceso a calquera dos cursos de música ou danza considerarase a estos efectos como unha materia, e só se terá en conta unha única proba de acceso por alumna/o.

Curso	Materias susceptibles de validación	Materia requirida das ensinanzas profesionais de danza	Materia requirida das ensinanzas profesionais de música	Anexos da <i>Orde do 7 de xullo de 2010</i>	Consideración da <i>Resolución do 20 de xullo de 2017</i>
1º	materia de libre configuración	proba de acceso a calquera dos cursos de danza	proba de acceso a calquera dos cursos de música	ANEXO VI	2.
2º	<i>Música</i>	primeiro curso de Música	primeiro curso de Instrumento ou Voz	ANEXO I	1.
	materia de libre configuración	proba de acceso a calquera dos cursos de danza	proba de acceso a calquera dos cursos de música	ANEXO VI	2.
3º	<i>Música</i>	primeiro curso de Música	primeiro curso de Instrumento ou Voz	ANEXO I	1.
	<i>Cultura Clásica ou Segunda Lingua Estranxeira</i>	Danza galega ou a proba de acceso a calquera dos cursos de danza	Linguaxe musical dun curso ou a proba de acceso a calquera dos cursos de música	ANEXO VI	3.
4º	<i>Música</i>	segundo curso de Música	segundo curso de Instrumento ou Voz	ANEXO I	ningunha
	Unha materia do bloque de materias específicas	Danza galega ou a proba de acceso a calquera dos cursos de danza	Linguaxe musical dun curso ou a proba de acceso a calquera dos cursos de música	ANEXO VI	4.

**Bacharelato (alumnado das ensinanzas profesionais de danza)**

Curso	Materias susceptibles de validación	Materia requerida das ensinanzas profesionais de danza	Anexo da Orde do 7 de xullo de 2010	Consideración da Resolución do 20 de xullo de 2017
1º	<i>Anatomía Aplicada</i>	1º e 2º cursos de Anatomía aplicada á danza	ANEXO III	ningunha
	<i>Linguaxe e Práctica Musical</i>	terceiro curso de Música	ANEXO III	ningunha
	unha das materias específicas de opción e libre configuración recollidas no anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño	primeiro curso de Acondicionamento físico	ANEXO VII	5.
2º	<i>Historia da Música e da Danza</i>	1º e 2º cursos de Historia da danza	ANEXO III	ningunha
	unha das materias específicas de opción e libre configuración recollidas no anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño	segundo curso de Acondicionamento físico	ANEXO VII	5.

**Bacharelato (alumnado das ensinanzas profesionais de música)**

Curso	Materias susceptibles de validación	Materia requerida das ensinanzas profesionais de música	Anexo da Orde do 7 de xullo de 2010	Consideración da Resolución do 20 de xullo de 2017
1º	<i>Análise Musical I</i>	2º curso de Harmonía	ANEXO II	ningunha
	<i>Linguaxe e Práctica Musical</i>	3º curso de Instrumento principal ou Voz	ANEXO II	ningunha
	unha das materias específicas de opción e libre configuración recollidas no anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño	primeiro curso das materias de Orquestra, Banda ou Coro	ANEXO VII	5.
2º	<i>Análise Musical II</i>	1º curso de Análise	ANEXO II	ningunha
	<i>Historia da Música e da Danza</i>	1º e 2º cursos de Historia da música	ANEXO II	ningunha
	unha das materias específicas de opción e libre configuración recollidas no anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño	segundo curso das materias de Orquestra, Banda ou Coro	ANEXO VII	5.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

www.edu.xunta.gal

g^alicia

Grao profesional de danza

Curso	Materias susceptibles de validación	Materia requerida das ensinanzas de réxime xeral	Anexo da Orde do 7 de xullo de 2010
1º	<i>Música (1º, 2º e 3º)</i>	<i>Linguaxe e Práctica Musical</i>	ANEXO V
2º			
3º			
5º	<i>Anatomía aplicada á danza (1º e 2º)</i>	<i>Anatomía Aplicada</i>	ANEXO V
6º			
5º	<i>Historia da danza (1º e 2º)</i>	<i>Historia da Música e da Danza</i>	ANEXO V
6º			

Grao profesional de música

Curso	Materias susceptibles de validación	Materia requerida das ensinanzas de réxime xeral	Anexo da Orde do 7 de xullo de 2010
1º	<i>Linguaxe musical (1º)</i>	<i>Linguaxe e Práctica Musical</i>	ANEXO IV
4º	<i>Historia da música (1º e 2º)</i>	<i>Historia da Música e da Danza</i>	ANEXO IV
5º			
5º	<i>Análise (1º)</i>	<i>Análise Musical II</i>	ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

www.edu.xunta.gal

g_{alicia}

Normativa:

- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. (DOG do 31 de outubro)
- Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza. (DOG do 2 de novembro)
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral. (DOG do 15 de xullo)
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 29 de xuño)
- Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 8 de agosto)